

O Software Libre nas Empresas de Galicia

EDICIÓN 2016. RESUMO EXECUTIVO

ÍNDICE

Presentación

Principais resultados

I. Posición global

II. Tipoloxías de Software Libre

III. Motivos para non empregar Software Libre

IV. Análise sectorial e provincial

V. Conclusións

I. Presentación

De seguido, preséntanse os principais resultados dos indicadores sobre **Software Libre nas empresas de Galicia** referidos ao ano 2016.

O informe foi realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Obxectivo:

- Analizar o nivel de implantación e o uso do Software Libre nas empresas de Galicia e a súa evolución, contribuíndo ao coñecemento e ao impulso dos modelos baseados en Software Libre e as súas vantaxes competitivas.

Fontes de información:

- Este estudo foi elaborado no marco do **Convenio de colaboración** asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.
- Este acordo establece que os datos procedan da “**Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas**” que realiza o INE e transferidos a través do IGE. Ademais, permite unha ampliación dos datos que ata o momento publicaba o INE no que se refire a:
 - Microempresas
 - Empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade en Galicia.
- A fonte de información dos datos evolutivos anteriores ao ano 2013 proceden das enquisas específicas ás empresas que realizaba o OSIMGA.


Principais Resultados

II. Posición global



EMPRESAS CON Software Libre

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE


✓ O tamaño da empresa é un gran factor explicativo que repercute no uso do Software Libre, aumentando a medida que o fai o número de traballadores/as das empresas.

✓ A metade das microempresas galegas (49,8%) empregan Software Libre, mentres que entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as acadan porcentaxes superiores ao 85%.

Principais Resultados

II. Posición global

EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas de 10 e máis empregados/as con Software Libre
(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



O uso do Software Libre aumentou 2 puntos nas grandes empresas, manténdose un crecemento continuo desde o ano 2006.

Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013
Non hai datos dispoñibles dos anos 2009 e 2011

Principais Resultados


II. Tipoloxías de Software Libre



O Software Libre NAS EMPRESAS DE GALICIA

TIPOLOXÍAS DE Software Libre

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Os navegadores de Internet e as aplicacións ofimáticas reitéranse como as tipoloxías de Software Libre máis utilizadas nas empresas galegas, independentemente do seu tamaño.

Avances salientables:


- Incremento de 2 puntos porcentuais dos Navegadores de Internet entre as grandes empresas galegas, situándose ademais case 2 puntos por riba da media estatal (81,6%) e avanzando desde a 9º posición do ano pasado á sétima no ranking de CCAA.
- O uso de aplicacións ofimáticas libres entre as grandes empresas é superior en Galicia á media estatal, ocupando a 9ª posición, mellorando dúas posicións con respecto ao ano anterior e por riba de Comunidades como Madrid, Cataluña ou País Vasco.

Principais Resultados

III.Motivos para non empregar Software Libre

MOTIVOS PARA NON EMPREGAR Software Libre

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Barreiras á implantación do Software Libre: vinculadas ao tamaño das empresas

❑ O descoñecemento de solucións ou a falta de referencias sobre os produtos de Software Libre é o motivo máis citado polas microempresas, o 15,7% concretamente

❑ O temor aos problemas que pode ocasionar a migración a sistemas ou aplicacións libres é a razón para frear o uso do Software Libre máis citada polas grandes empresas (6,9%), porcentaxe superior á que se rexistra entre as microempresas (5,9%), probablemente debido á complexidade das aplicacións implantadas nas grandes empresas.

Principais Resultados


IV. Análise sectorial e provincial

As microempresas galegas do Sector Servizos destacan polo maior uso do Software Libre, cun 55,8%.

Nas empresas de maior número de traballadores/as, o maior uso de Software Libre rexístrase tanto na Construción como nos Servizos, ambos os dous cun 87,8%.

EMPRESAS CON Software Libre SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE



O Software Libre NAS EMPRESAS DE GALICIA

EMPRESAS CON Software Libre SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

O uso do Software Libre destaca entre as microempresas da provincia de Lugo.

Entre as grandes empresas, o uso do Software Libre supera o 85% en todas as provincias.

Principais Resultados

V. Conclusións

Tendo en conta os resultados e conclusións obtidos neste estudo, destácanse unha serie de actuacións acordes coa demanda detectada e co fin de continuar incentivando o uso do Software Libre por parte do tecido empresarial galego

Propostas de actuación:

- Realizar obradoiros e demostracións de funcionamento de produtos libres
- Ofrecer asesoramento particularizado ás necesidades das empresas
- Axudas ou subvencións para a implantación de Software Libre
- Formación aos usuarios/as, e con especial atención ao segmento empresarial das microempresas.



Oficina de Coordinación de
Software Libre



CeMIT | Centros para a Modernización
e Inclusión Tecnolóxica



Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia



CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA



Estas propostas continúan as liñas de actuación que promovidas desde Amtega para o fomento do Software Libre durante os anos 2015-2016 a través do Centro Demostrador TIC, a Oficina de Coordinación de Software Libre, AGASOL, o Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia, a rede CeMIT, o CNTG,...

Cabe salientar, entre estas actuacións, o proxecto CDTIC virtual para facilitar que as empresas proben aplicacións libres, as entrevistas sobre casos de éxito de uso de solucións libres a través do portal mancomún e a previsión da posta en marcha dun boletín de Software Libre dirixido a empresas para frear o descoñecemento existente.



Máis información: www.osimga.org

The logo for Galicia, featuring a stylized, flowing script for the word "galicia" in a dark grey color.